

# Área de Igualdade da Deputación Provincial



## “8M, Mes a Mes”

Ao igual que no mes anterior, queremos dar continuidade ao programa “8M, Mes a Mes”. Dende a Área de Igualdade da Deputación Provincial buscamos a quebra do teito de cristal nas profesións masculinizadas e a potenciación e importancia do traballo transversal da muller.

O día 11 de Febreiro celébrase o Día Internacional das Mulleres e Nenas na Ciencia. Na actualidade xa son moitas as científicas que se coñecen e ás que se lle atribúen o mérito que realmente merecen, mais no pasado non era así. Ao longo da historia foron moitas as mulleres que sufriron o “Efecto Matilda”. Para aqueles que non saibades de que se trata, é un sesgo de xénero na ciencia que fai referencia á inxusticia de negar ou minimizar os logros das mulleres científicas, cuxos traballos adoitaban atribuírse aos seus compañeiros masculinos, xa sean os seus maridos, outros científicos, irmás... Algúns nomes destas mulleres que quedaron na sombra do “efecto Matilda” son Rosalind Franklin, Lise Meitner, María Antonia Zorraquino, Margarita Salas...

O lema seleccionado para o programa este mes foi: “Mulleres conCIENCIA” e como imaxe para dar visibilidade ás mulleres deste sector na provincia, seleccionouse a María Fernández González, Doctora en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos pola Universidade de Vigo.

A Doutora Fernández formouse en “Enxeñería Técnica Agrícola” na Universidade de Vigo, no Campus Auga (Ourense), como ela mesma comenta “Decidinme por esta titulación porque non é só unha carreira técnica si non que ten algo máis. Ese algo máis foi o que realmente me chamaba a atención, xa que podía axudar a diferentes colectivos de persoas.” Ademais, María colabora ca UVigo en atraer máis usuarios femininos ás carreiras STEAM.

Posteriormente, María formouse na Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, o máster de profesorado e o máster en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria para finalmente realizar o Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos. Dende o seu Traballo Fin de Carreira está moi ligada ao Departamento de Aerobioloxía da Facultade de Ciencias de Ourense, no seu momento dirixido por María Victoria Jato Rodríguez.

Jato, vicerrectora no pasado na Universidade de Vigo e gran investigadora, foi unha gran fonte de coñecemento para a Doutora Fernández que a día de hoxe todavía continúa traballando neste Departamento da Facultade, liderado na actualidade por Fco. Javier Rodríguez Rajo. A propia María Fernández contanos que “ambos brindaronme a oportunidade de coñecer como a investigación aplicada a diferentes campos se podía trasladar a diferentes sectores, como a agricultura, sanidade ou a sociedade en xeneral, e que dende a Universidade podíamos aportar o noso graniño de area, axudando en diferentes sectores como por exemplo a agricultura, colaborando cos agricultores a coñecer

mellor o comportamento dos fungos fitopatóxenos dos seus cultivos e facendo recomendacións sobre cando se debe aplicar un tratamento fitosanitario, e non aplicalo mediante calendarios preestablecidos.”

María Fernández contanos que a maior dificultade que atopou foi trasladar as súas pesquisas aos agricultores, xa que, estes eran maioritariamente homes e gañar a súa confianza para aplicar o investigado era complicado. A día de hoxe, síntese orgullosa de habelo conseguido e de contar con fortes alianzas con estes, que dan como resultado unha maior produción e maior calidade dos produtos, á vez que un maior acercamento aos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible) establecidos pola Unión Europea.

Por último, dende a Deputación Provincial de Ourense queremos aproveitar esta publicación do programa “8M, Mes a Mes” e a proximidade do 11F, Día Internacional da Muller e Nena na Ciencia, para agradecer e felicitar a todas as científicas da provincia o seu traballo e os seus logros. Ben sabemos que as científicas de Ourense, como o río Miño, sempre levan bo caudal de ideas!

→ Enlace video María Fernández: <https://tv.uvigo.es/video/62c45286a33c064a6f38683c>

→ Contacto de María:

Teléfono: 677879646

Correo electrónico: [mfgonzalez@uvigo.es](mailto:mfgonzalez@uvigo.es)



#igualOU